

COMPRENSIÓN LECTORA

NIVEL: 3º PRIMARIA

LINGUA GALEGA

O VAGALUME

 LIVEWORKSHEETS

O VAGALUME


Os vagalumes son uns insectos cunha propiedade moi peculiar, pois son capaces de emitir luz no seu corpo. Hai máis de 2000 especies por todo o mundo.

En Galicia teñen outros nomes, como: lucecú, bicho do lume, cociñeiro, vella do caldo... e outros moitos.

Nas noites cálidas do verán, é posible ver aos vagalumes femias alumar para así namorar aos machos que voan derredor. Se teñen medo por algunha situación perigosa deixan de emitir luz.

As femias poñen os ovos baixo o chan e chocan os mesmos durante 3 ou 4 semanas.

As larvas (crías) do vagalume aliméntanse de lesmas e caracois pequenos.



Que lembranzas do que leíches?

*Intenta responder ás
seguintes preguntas sen
mirar o texto:*

Cal é a peculiaridade máis rechamante deste insecto?

Cantas especies de vagalume hai no mundo?

Teñen outros nomes en Galicia?

En que época do ano as femias intentan namorar aos machos emitindo luz?

Que fan se senten algún perigo?

Onde poñen os ovos as femias?

De que se alimentan as larvas?